

## PRESENTACIÓN

*Como sempre é para min un motivo moi grande de satisfacción o facer a presentación dun novo volume da nosa revista.*

*Teñen vostedes nas súas mans o número nove da nosa **Revista eumesa de estudos. Cátedra**, e como poden apreciar é este un novo tomo cheo de interesantes e novidosos traballos de investigación sobre Pontedeume e a nosa Comarca.*

*É a nosa publicación un claro exemplo de traballo rigoroso e continuado, froito dun esmerado labor do seu Consello de Redación e do esforzo de importantes investigadores.*

*Serán as vindeiras xeracións as que se beneficiarán de todos estes coñecementos, que ano tras ano se van publicando na nosa revista de estudos locais. Deberán ser estes homes e mulleres dese mundo que está máis preto de nós, e que día a día medra noutros lugares, o Consello de Redación de Cátedra ten previsto o vindeiro ano, celebrar uns Encontros de Historia Local, facendo así coincidir este novo acontecemento na nosa vila co décimo aniversario da revista.*

*E para poñer punto e final ás miñas palabras quero agradecer, como sempre o esforzo a todos aqueles que participaron na súa elaboración.*

*Belarmino Freire Bujía  
Alcalde de Pontedeume*